NOTA DE PRENSA

Santín pon en marcha a campaña *"Contigo!"* coa que os socialistas colaborarán co Banco de Alimentos de Lugo na recollida de cacao e de aceite

Dende mañá sábado ata o día 29, o PSOE porá a disposición da iniciativa todas as sedes que ten na provincia, de tal xeito que todas serán puntos de recollida para esta causa. As doazóns poderán depositarse en calquera destas instalacións, e a entrega efectuarase o día antes de final de ano

Trátase dunha medida que xurde das conversas mantidas cos responsables desta entidade, e coa que os socialistas perseguen colaborar con todas aquelas familias da provincia que teñen dificultades para garantir a manutención diaria aos seus fillos

González Santín anima á participación, convencido de que "os Partidos estamos para colaborar con todos aqueles que nos necesitan e, sen dúbida, estas familias precisan de nós. O obxectivo é tenderlles unha man e, co apoio de todos, agardamos poder cumprilo", afirma

LUGO, 19 DE DECEMBRO DE 2014.- O secretario Provincial –Juan Carlos González Santín- anuncia que o Partido Socialista emprenderá dende mañá mesmo a campaña "***Contigo!",*** que consiste na recollida de varios produtos non perecedoiros e que serán entregados ao Banco de Alimentos de Lugo o día 30 deste mes. A este respecto, subliña que se trata dunha medida que xurde das conversas mantidas cos responsables desta entidade, e coa que se persegue colaborar con todas aquelas familias da provincia que teñen dificultades para garantir a manutención diaria aos seus fillos.

"Levaremos a cabo esta campaña baixo dous puntos de vista: que estes cidadáns sintan a nosa solidariedade e que perciban que non nos esquecemos deles nestas datas e, pola outra, que as achegas sirvan para aportar unhas mínimas condicións de benestar na difícil situación na que se atopan diariamente", indica.

Deste xeito, a iniciativa consistirá na recollida de dous dos produtos alimenticios que máis precisan estas persoas, "tal e como nos transmitiron os responsables do Banco de Alimentos". Concretamente, son cacao e aceite. O primeiro é para que todos os nenos e nenas poidan ter un almorzo completo e, o segundo, porque este é un dos produtos que máis encarece a compra e que, por tanto, máis escasea.

"Cremos que os Partidos estamos para colaborar con todos aqueles que nos necesitan e, sen dúbida, estas familias precisan de nós. Por iso nos puxemos en contacto co Banco de Alimentos de Lugo para ver en que lles podiamos axudar. O obxectivo é tenderlles unha man, e agardamos poder cumprilo", afirma.

Todas as sedes da provincia serán puntos de recollida

Para elo, o Partido Socialista porá a disposición da iniciativa todas as sedes que ten na provincia, de tal xeito que todas serán puntos de recollida para esta causa. As doazóns poderán depositarse en calquera delas dende mañá sábado ata o 29 deste mes. Deste xeito, "todas as sedes serán un Banco de Alimentos", subraia o secretario Provincial.

Santín anima á participación

Asimesmo, destaca que esta non será a primeira vez, nin a última, que a executiva e os socialistas da provincia participarán no desenvolvemento de campañas solidarias. De feito, indica, "facémolo coa mellor das vontades posibles", e amósase confiado en que "os veciños, como é habitual, demostrarán a súa xenerosidade". Por iso, anima a todos os cidadáns a que estes día se acheguen ás sedes socialistas e participen da iniciativa. "Estou convencido de que recolleremos unha cantidade importante destes produtos que irán destinados ás familias da nosa provincia que están atravesando dificultades económicas. Co apoio de todos, podemos", conclúe.